



FUNCIÓNS DAS PERSOAS QUE COORDINAN MESAS DE TRABALLO

Antes do congreso

- Velarán para que os contidos da súa mesa non se repitan nin se sobrepoñan cos das outras, coordinados pola Comisión Organizadora.
- Manter contacto cos/coas argüentes da súa mesa para definir os respectivos contidos.
- Servir de ponte entre os/as argüentes da súa mesa e axudar a que os contidos dialoguen e non se pisen.
- Solicitar, no prazo marcado pola comisión organizadora, os textos das respectivas comunicacións, de maneira que podan ser postos a disposición dos asistentes ao congreso antes da celebración da mesa.

Durante o congreso

- Presentar os/as argüentes e os contidos da mesa, dar a palabra a cada un deles, controlar o tempo das intervencións e abrir o diálogo posterior coas persoas asistentes.
- A mesa de traballo non funcionará como unha sucesión de tres palestras a cargo dos argüentes. O contido básico de cada unha xa será coñecido. As/os argüentes farán unha pequena presentación que destaque as cuestións centrais e abra a interlocución. A seguir, o/a coordinador/a dirixirá un diálogo entre a mesa e o auditorio, que fará as súas achegas a modo de comentarios, preguntas etc. Toda a mesa estará pensada para propiciar este debate.
- As mesas terán lugar pola mañá. Nas primeiras horas da tarde, durante a presentación das comunicacións libres, as persoas que coordinaron as tres mesas simultáneas de cada xornada prepararán un informe que recolla as principais ideas que se presentaron no diálogo que tivo lugar en cada unha delas. Posteriormente, as tres persoas que coordinaron as mesas exercerán de relatores no plenario que pecha cada sesión do congreso, de maneira que se faga unha posta en común de todo o tratado na mañá e poda abrirse un debate con ideas transversais.

Após o Congreso

- Porán a disposición da comisión organizadora os informes que presentaron no plenario.
- Nos prazos marcados, solicitarán aos argüentes da súa mesa un texto que poda ser publicado. Este texto estará construído sobre a base de aquel que se disponibilizara antes da celebración da mesa, mais dará un paso máis, ao contemplar todo o proceso dialéctico que se produciu na mesa. Isto non significa que teñan que recoller todas as ideas que saíron no debate, mais si –na medida do posíbel– repensar o que se escribira inicialmente despois de todo o escoitado na mesa.

Comunicación de persoas coordinadoras de mesa a persoas argüentes.

- Informar a cada argüente de que o traballo vai ser publicado.
- Enviar a cada argüente as normas de edición marcadas polo Consello da Cultura Galega.
- Aconsellar que a extensión máxima dos traballos non exceda das 20 páxinas.

- Informar tamén que a AGT non descarta estudar e valorar a conveniencia de procurar unha edición física dos textos.
- Informar que o prazo de entrega dos textos remata o 15 de xaneiro de 2020.
- Os textos deberán ser enviados ao correo: documentos@congresodoteatro.gal
- Unha vez recibidos, e despois do 15 de xaneiro, os textos serán publicados na páxina web do congreso: www.congresodoteatro.gal da que serán retirados ao remate do congreso, para seren adaptados ou corrixidos polos autores no prazo dun mes con vistas á súa edición en formato dixital e con garantías académicas polo Consello da Cultura Galega.